

**Bases para a selección do alumnado-traballador/a e persoal do Obradoiro
de Emprego de Garantía Xuvenil
“CARPINTARÍA DA MUSEALIZACIÓN DO EDIFICIO MUSEO DE
BERGANTIÑOS”**

O obradoiro de emprego reflectido é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade de persoas desempregadas. O dito programa está cofinanciado pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo (FSE), e promovido polo Concello de Carballo.

Impartirase a especialidade que a continuación se detalla:

- MAMD0209. Traballo de carpintería e moble.

Alumnos/as traballadores/as : 12

Neste obradoiro está prevista A “**Construcción e instalación de mobiliario de interior para o Museo de Bergantiños**”.

O obradoiro terá unha duración de 6 meses, e formará a 12 alumnos/as traballadores/as. Serán contratados baixo a modalidade de “Contrato para a formación e o aprendizaxe”, desenvolto segundo a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual. Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 30/09/2019, segundo se establece na Orde do 4 de abril de 2019, que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019 (DOG núm 79, do 25 de abril de 2019).

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro se contratará ao seguinte persoal:

- Director/a 1 persoa a xornada completa
- Formador/a de carpintería e moble. 1 persoa a xornada completa
- Mestre/a de ensino básico. 1 persoa a media xornada

Unha vez analizada a normativa exposta, o sistema de selección fundamentarase nos procedementos que se indican a continuación.

1.- Grupo de traballo mixto

Como primiera medida para a xestión do obradoiro constituírase o Grupo de traballo mixto. O Grupo de traballo mixto ou Comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña e dúas en representación da entidade promotora. A

presidencia recaerá nunha das persoas que actúen en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algúns compoñentes non puidera acudir, poderá ser substituído por quem designen dende a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a entidade promotora, segundo sexa o caso. Nembargantes, o grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos compoñentes.

As decisións adoptaranse por maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais, a persoa designada como presidente disporá de voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

As reunións do Grupo de traballo mixto recolleranse nas actas correspondentes por triplicado.

Calquera comunicación ao grupo de traballo mixto dirixirse á Oficina de emprego de Carballo, Edificio Fórum, Pza Bombeiros voluntarios s/n, 15100-Carballo.

2.- Procedementos de selección do Alumnado-traballador no Obradoiro

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego e establecidas as bases polo Grupo Mixto de Traballo, o Concello de Carballo tratará a correspondente oferta na Oficina de emprego de Carballo, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

Como parte do proceso de selección realizarase unha entrevista persoal para avaliar o seu interese en participar no proxecto e aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Nembargantes, o grupo de traballo mixto poderá optar por substituila por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

Con posterioridade, e despois de publicar no lugar no que se realizara a entrevista as puntuacións da mesma, aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego.

Parámetros da Oferta de emprego

Idade mínima: 18 anos (tanto para este caso como para a fase de baremación, as referencias a idade serán todas computadas no momento en que se faga a sondaxe de selección da oferta de emprego)

Localidade: Ámbito do Concello de Carballo.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro

Programa Operativo de emprego Xuvenil

2014-2020

territorial da Oficina de emprego de Carballo, segundo o sistema de xestión de ofertas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego poñerase en contacto coas persoas preseleccionadas, indicándolle o lugar e data da entrevista persoal na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. No mesmo lugar presentarán a documentación acreditativa dos méritos availables relacionados no currículo (ver baremos). Dita documentación presentarase perante o grupo mixto no momento da entrevista, aportando orixinal e copia da documentación que consideren baremable e unha relación da mesma por duplicado para poder asinar dese xeito un recibín :

- ✓ A titulación académica, xustificada co correspondente título académico oficial.
- ✓ Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- ✓ A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: Vida laboral expedida pola TGSS e contratos laborais ou certificados de empresa correspondentes para o contraste coa vida laboral. Computaranse as horas efectivas traballadas. Na ausencia de contratos de traballo, poderá xustificarse a ocupación desenvolvida con certificados de empresa ou calquera documento válido en dereito no que apareza indicada a mesma.
 - Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto coa vida laboral. No caso de non estar obrigados, documento que lles exima da obriga de cotizar ou calquera documento válido en dereito que se considere suficiente por parte do Grupo mixto.
 - Traballo no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran os requisitos de titulación, ben experiencia profesional, etc., quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo.

O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará e publicará as puntuacións no lugar de celebración. Ademais, redactará as correspondentes actas, que serán obxecto de exposición pública e se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). Con posterioridade valorará os currículos conforme a os baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da oficina de emprego de Carballo, así como na páxina web da entidade promotora, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións

3.1 CRITERIOS PARA DIRIMIR OS POSIBLES EMPATES ENTRE AS PUNTUACIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS


- 1.- O maior tempo acreditado como desempregado (dende a derradeira inscrición na oficina de emprego)
- 2.- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- 3.- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

Situación Laboral: Pessoas que figuren como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Candidaturas: 3 por praza, de seren posible. A sondaxe poderá iniciarse cos demandantes de emprego que cumplan a condición anterior e teñan como servizos solicitados os códigos 320, 340, "Obradoiros de emprego"; ou 370, "Outros programas de formación de emprego, formación dual".

Xestión da selección

O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 10 da Orde do 4 de abril de 2019 (DOG núm 79, do 25 de abril de 2019) e no artigo 105.3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020. Xúntase coas bases un baremo para a puntuación das candidaturas seleccionadas.

Quedarán excluídas do proceso de selección, incluso no caso de seren elexidas, aquelas persoas das que se detectara que aportaran como xustificantes calquera tipo de documentación que non reflecta a súa situación en dito momento. Ademáis, o grupo de traballo mixto poderá excluir do proceso selectivo quen tivera participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O grupo de traballo redactará a correspondente acta resultado da selección segundo a suma das dúas puntuacións e a remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

3.- Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio

- A entidade promotora tramitará as correspondentes ofertas de emprego para este persoal na Oficina de emprego de Carballo, que as xestionará para obter as candidaturas das que se procederá á selección definitiva.

Nas ditas ofertas adecuaranse os perfís das persoas solicitadas a os baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas como demandantes de emprego e terá preferencia quen, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requiredo, se atope en situación de desemprego (artigo 11.7).

Como resultado das ofertas presentaranse un mínimo de tres candidaturas por cada un dos postos para a súa avaliación, sendo obxecto a oferta ademáis da súa publicación no portal de emprego durante un prazo de tres días.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Carballo , ampliándose inicialmente, no caso de non se obter o número de candidaturas suficientes, a outros concellos do ámbito



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

- 4.- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente, de estar contidas nas bases.
- 5.- A puntuación correspondente ás titulacións complementaria
- 6.- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- 7.- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

3.1 INCOMPATIBILIDADE

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

Publicacións e/ou notificacións

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas, de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Esta publicación será, cando menos, no taboleiro da oficina de emprego de Carballo e na web do concello.

Carballo, 27 de agosto de 2019

Pola Consellería de Emprego e Industria
Oficina de Emprego de Carballo

Pola Entidade promotora
Concello de Carballo

Benigno Lubián Dubra

Consuelo Rodríguez Mariño

Juan J. Lorenzo Pose

Milagros Antelo Cameán

32451878M

52435460Z

76357740V


46908860S



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

BAREMO SELECCIÓN DO ALUMNADO

Criterios	Puntos	
1.- Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas	6	
2.- Pessoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema	4	
3.- Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 21 ata 22 anos	1
	De 23 ata 24 anos	2
	De 25 en adiante	3
4.- Discapacidade \geq 33%	1	
5.- Experiencia laboral	Ningunha	3
	<12 meses	2
	\geq 12 meses	1
6.- Nivel de cualificación profesional (máximo)	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Baixa (quen non posúa un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de FP medio ou superior. ou titulación universitaria).	3
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	8

A documentación deberá aportarse no momento da entrevista.

Quen non aporte ningún documento referido a os puntos 4, 5 ou 6 para a súa baremación se lle adxudicarán 0 puntos nese apartado.

A documentación que non reflecta a situación real da persoa candidata implicará a súa exclusión do proceso de selección.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A a tempo completo

Funcións

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresariado.

Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo, coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concello de Carballo as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das actuacións, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do mesmo.
- Exercer as funcións de Dirección de obra.

Requisitos mínimos

Titulación requerida: Universitaria na rama de Arquitectura. Mínima: Diplomatura

Experiencia profesional mínima: 12 meses na ocupación

Entrevista:


Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 6 puntos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

Valoración do currículo

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos.**

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar son **9 puntos.**

Cursos realizados

Valoraranse únicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou más horas lectivas: 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non puntuarán.

A puntuación máxima que se pode acadar son **2 puntos.**


Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse unicamente en consideración o grao superior dos presentados.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

100

100 - Colección


Y



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE FORMADOR/A PARA CARPINTERÍA E MOBRE a tempo completo

Funcións

Impartir a educación correspondente ao oficios e de actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se levan a cabo como práctica profesional no obradoiro.

- A) Elaborar xunto coa dirección a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- B) Desenvolver, cumplir e impartir o programa formativo na aula e nas actuacións a executar. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- C) Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador, do regulamento de réxime interno (asistencia, puntualidade, actitude...) e das normas de seguridade e saúde en particular.
- D) Encargarase da impartición do módulo de Riscos Laborais
- E) Notificará á dirección do obradoiro as incidencias das que teña coñecemento.
- F) Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- G) Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- H) Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado-traballador.

Requisitos mínimos

Nivel académico: os establecidos no RD 717/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade.

Experiencia profesional: a esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas (1 ano no caso de contar con acreditación, 4 anos nos restantes casos).

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada e axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
- Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
- Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
- Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Terase únicamente en conta neste apartado o tempo que excede do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se baremará.

A puntuación máxima é de **1 punto**.

Cursos de formación

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto


Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Teranse únicamente en consideración o grao superior dos presentados.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral



UNIÓN EUROPEA

O FSE inviste no teu futuro
Programa Operativo de emprego Xuvenil
2014-2020

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto.**

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos.**

Puntuación final

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/H A TITOR/A E MESTRE DE ENSINO a media xornada

Funcións

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación para a obtención do título de ESO.

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Planificación e elaboración do material didáctico que se vai usar, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma. Redacción das actas e exames
- Seguimento do alumnado (asistencias, puntualidade...) e titorías individuais ou grupais co alumnado

Requisitos mínimos

Nivel académico: Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente, segundo o recollido no RD 476/2013, de 21 de xuño, de cualificación para os centros privados.

Experiencia profesional mínima: 12 meses na ocupación.

Valoración do currículo

Titulación académica

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Diplomatura, 1 punto.
 - Licenciatura ou grao, 1,5 puntos;
 - Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
 - Máster, ata 500 horas: 0,75 puntos; más de 500 horas: 1 punto
 - Doutoramento: 1,25 puntos
- Título técnico superior da rama correspondente, ou equivalente: 0,10 puntos.
 - Título técnico da rama correspondente, ou equivalente: 0,05 puntos.

A titulación mínima esixida únicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

Experiencia profesional

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados, ata un máximo de 5 puntos.



- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito do punto anterior: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados, ata un máximo de 4 puntos.

Terase únicamente en conta neste apartado o tempo que excede do cualificado como "requisitos mínimo" indicados para poder acceder á oferta de traballo.

A puntuación máxima deste apartado son **9 puntos**.

Cursos realizados

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. non se puntuará.

A puntuación máxima que se pode acadar é de **1 punto**.

Cursos específicos para o posto

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima é **1 punto**.

Coñecemento do idioma galego

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Valorarase únicamente o grao superior aportado.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Entrevista

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **6 puntos**.

Puntuación final

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista.